



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE ABRIL DO 2024.

Sesión 07/2024-P

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p style="text-align: center;">Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D<sup>a</sup> Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p style="text-align: center;">Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;">Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D<sup>a</sup> Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D<sup>a</sup> María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p style="text-align: center;">Grupo Mixto (GM)</p> <p>D<sup>a</sup>. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 25 de abril do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
--	--

### **ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario correspondente ao mes de abril do 2024 do Concello de Sada.

#### **1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 06/2024).**

Pola Presidencia preguntáselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 06/2024, ordinaria do 02 de abril; non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

#### **2º.- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2024.**



Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 18 de abril do 2024, que recolle literalmente:

«Primeiro.- Estimar, con base nos razoamentos contidos no informe da intervención municipal e nos antecedentes, a alegación identificada co número 3 (núm. rexistro 202499900001628) presentada por María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal Unidos por Sada o 20.03.2024, relativa á falla de crédito para a contratación dun aval que cubra as garantías para responder, de ser o caso, do pagamento das indemnizacións debidas a terceiros de boa fe dentro do procedemento de ETX 30/2015 (procedemento ordinario 333/2008) que se segue no Xulgado Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña, resultando a seguinte modificación no orzamento municipal aprobado inicialmente por acordo do Pleno adoptado en sesión celebrada o 29.02.2024:

GASTOS		INGRESOS	
Aplicación	Importe	Concepto	Importe
1722.22799	-6.900 €	45002	-93.900 €
2310.22743	-13.100 €		
2310.22749	-138.600 €		
9200.35900	+82.000 €		
943.46700	-17.300 €		
<b>TOTAL</b>	<b>-93.900</b>	<b>TOTAL</b>	<b>-93.900</b>

Segundo.- Desestimar, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipal JPB069/2024, o resto das reclamacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento 2024 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 29 de febreiro:

- Reclamación 1 (núm. rexistro 202499900001628) presentada por María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal Unidos por Sada o 20.03.2024 relativa á falla de acreditación da negociación en materia de persoal.
- Reclamación 2 (núm. rexistro 202499900001628) presentada por María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal Unidos por Sada o 20.03.2024 relativa á falla de créditos para atender a demolición do segundo bloque do edificio Meu Lar.
- Reclamación 3 (núm. rexistro 202499900001628) presentada por María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal Unidos por Sada o 20.03.2024 relativa á falla de consignación de crédito para a contratación de aval que garanta as potenciais responsabilidade patrimoniais derivadas dos mencionados derrubamento.
- Reclamación 4 (núm. rexistro 202499900001628) presentada por María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal Unidos por Sada o 20.03.2024 relativa á falla de consignación de crédito para a cobertura da praza de tesourería.
- Reclamación 5 (núm. rexistro 202499900001628) presentada por María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal Unidos por Sada o 20.03.2024 relativa á falla de crédito para a licitación dos servizos de vixilancia durante as visitas aso Pazo de Meirás.
- Reclamacións 6 (núm. rexistro 202499900001721) presentada por M<sup>a</sup> Alejandra Meijide Martínez, delegada sindical CIG, o 26.03.2024 relativa á falla de consignación orzamentaria para dar cobertura ao fondo de produtividade e gratificacións extraordinaria.
- Reclamacións 7 (núm. rexistro 202499900001721) presentada por M<sup>a</sup> Alejandra Meijide Martínez, delegada sindical CIG, o 26.03.2024 relativa á falla de créditos para a actualización ao IPC do fondo de acción social.
- Reclamación 8 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de aprobación masa salarial tal e como está previsto no artigo 103 bis da Lei 7/1985.
- Reclamación 9 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de acreditación da negociación en materia de persoal.
- Reclamación 10 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de créditos necesarios para a execución das resolucións xudiciais relativas á oferta de emprego 2005.
- Reclamación 11 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de consignación orzamentaria para “finalizar o proceso de estabilización do emprego temporal”.
- Reclamación 12 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de consignación para a aprobación dunha nova RPT.
- Reclamación 13 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de consignación para a achega económica ao Plan de Pensións.
- Reclamación 14 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de consignación para as axudas sociais.

Terceiro.- Anular as modificación de crédito derivadas dos expedientes 01/24, 3/24, 4/24 e 7/24, por considerarse incluídas nos créditos iniciais do orzamento 2024.

Cuarto.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral e cadro de persoal do Concello para o exercicio 2024 aprobado inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 24 de febreiro coas modificacións introducidas no apartado primeiro deste acordo e segundo se detalla nos estados de gastos e ingresos incluídos no expediente.



Quinto.- Notificar este acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que o motiva.

Sexto.- Publicar o orzamento, resumido por capítulos, xunto co cadro de persoal, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitir copia daquel á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, segundo o dispón o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais».

A secretaria aclara que foi detectado un erro na transcripción do dito ditame, consistente en que a reclamación 3, presentada pola sra. Nogareda, que foi estimada, figura tamén na relación de reclamacións desestimadas, cando non debera, polo que procede corríxilo suprimindo no seu punto segundo o apartado que figura como reclamación 3 dentro da relación de reclamacións desestimadas.

A continuación, ábrese o debate, no que interveñen a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, facendo unha exposición; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen anuncia que hase abster; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen anuncia que o seu grupo ha votar en contra; a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen di que o seu grupo hase abster; o presidente, sr. Portela Fernández (SM); e novamente as sras. Arias e Nogareda e o presidente.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 8 (4 UPSA e 4 PP).
- Abstencións: 1 GM-PSOE.

Téndose acadado un empate a votos, vólvese votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 8 (4 UPSA e 4 PP).
- Abstencións: 1 GM-PSOE.

Obténdose un novo empate a votos, resulta aprobado polo voto de calidade do presidente o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Estimar, con base nos razoamentos contidos no informe da intervención municipal e nos antecedentes, a alegación identificada co número 3 (núm. rexistro 202499900001628) presentada por María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal Unidos por Sada o 20.03.2024, relativa á falla de crédito para a contratación dun aval que cubra as garantías para responder, de ser o caso, do pagamento das indemnizacións debidas a terceiros de boa fe dentro do procedemento de ETX 30/2015 (procedemento ordinario 333/2008) que se segue no Xulgado Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña, resultando a seguinte modificación no orzamento municipal aprobado inicialmente por acordo do Pleno adoptado en sesión celebrada o 29.02.2024:

GASTOS		INGRESOS	
Aplicación	Importe	Concepto	Importe
1722.22799	-6.900 €	45002	-93.900 €
2310.22743	-13.100 €		
2310.22749	-138.600 €		
9200.35900	+82.000 €		
943.46700	-17.300 €		
TOTAL	-93.900	TOTAL	-93.900

Segundo.- Desestimar, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipal JPB069/2024, o resto das reclamacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento 2024 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 29 de febreiro:

- Reclamación 1 (núm. rexistro 202499900001628) presentada por María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal Unidos por Sada o 20.03.2024 relativa á falla de acreditación da negociación en materia de persoal.



- Reclamación 2 (núm. rexistro 202499900001628) presentada por María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal Unidos por Sada o 20.03.2024 relativa á falla de créditos para atender a demolición do segundo bloque do edificio Meu Lar.
- Reclamación 4 (núm. rexistro 202499900001628) presentada por María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal Unidos por Sada o 20.03.2024 relativa á falla de consignación de crédito para a cobertura da praza de tesourería.
- Reclamación 5 (núm. rexistro 202499900001628) presentada por María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal Unidos por Sada o 20.03.2024 relativa á falla de crédito para a licitación dos servizos de vixilancia durante as visitas aso Pazo de Meirás.
- Reclamacións 6 (núm. rexistro 202499900001721) presentada por M<sup>a</sup> Alejandra Meijide Martínez, delegada sindical CIG, o 26.03.2024 relativa á falla de consignación orzamentaria para dar cobertura ao fondo de produtividade e gratificacións extraordinaria.
- Reclamacións 7 (núm. rexistro 202499900001721) presentada por M<sup>a</sup> Alejandra Meijide Martínez, delegada sindical CIG, o 26.03.2024 relativa á falla de créditos para a actualización ao IPC do fondo de acción social.
- Reclamación 8 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de aprobación masa salarial tal e como está previsto no artigo 103 bis da Lei 7/1985.
- Reclamación 9 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de acreditación da negociación en materia de persoal.
- Reclamación 10 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de créditos necesarios para a execución das resolucións xudiciais relativas á oferta de emprego 2005.
- Reclamación 11 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de consignación orzamentaria para “finalizar o proceso de estabilización do emprego temporal”.
- Reclamación 12 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de consignación para a aprobación dunha nova RPT.
- Reclamación 13 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de consignación para a achega económica ao Plan de Pensións.
- Reclamación 14 (núm. rexistro 202490000001015) presentada por Juan Esteban Méndez Leiva e Unión Sindical Obreira o 27.03.2024 relativa á falla de consignación para as axudas sociais.

Terceiro.- Anular as modificación de crédito derivadas dos expedientes 01/24, 3/24, 4/24 e 7/24, por considerarse incluídas nos créditos iniciais do orzamento 2024.

Cuarto.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral e cadro de persoal do Concello para o exercicio 2024 aprobado inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 24 de febreiro coas modificacións introducidas no apartado primeiro deste acordo e segundo se detalla nos estados de gastos e ingresos incluídos no expediente.

Quinto.- Notificar este acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que o motiva.

Sexto.- Publicar o orzamento, resumido por capítulos, xunto co cadro de persoal, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitir copia daquel á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, segundo o dispón o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

### **3º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.**



## A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 26 de febreiro (núm. 345) ata o 21 de marzo do 2024 (núm. 531).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos e das Resolucións ditados pola Alcaldía dende o día 21 de marzo (núm. 528, do expediente 2024/G003/000551) ata o 19 de abril do 2024 (núm. 740, do expediente 2024/G003/000777), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

## B. Mocións.

### Única.- Moción para amosar o rexeitamento do Pleno ao proxecto de construción dunha macro-factoría de pasta de celulosa de Altri en Palas de Rei.

O sr. Graña Mosquera (GM) xustifica a urxencia da moción, presentada por el como membro do grupo mixto polo BNG.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

Logo o sr. Graña Mosquera dá lectura á moción, a que a continuación reproducéase literalmente:

*«MOCIÓN PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI*

*Don Emilio Graña Mosquera concelleiro do BNG no concello de Sada, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN.*

*Exposición de motivos:*

*1. A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganosa, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóbouse que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.*

*2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá un fortísimo impacto no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:*

*-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas*

*-Terá un impacto ambiental crítico nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.*

*-Terá un impacto fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna.*

*-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.*

*-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.*

*-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.*

*3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.*



*En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.*

*4. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.*

*Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de Sada presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*1. Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.*

*2. Dirixirse á Xunta de Galiza para que informe negativamente o proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico a multifuncionalidade do monte, o desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega».*

A continuación procédese ao debate da moción, coas intervencións da sra. Arias Ferreiro (PP); do sr. Blanco González (UPSA), quen anuncia que o seu grupo probablemente hase abster logo dunhas aclaracións do sr. Graña; do sr. Villar López (SM); e outra vez do sr. Graña e da sra. Arias.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 4 PP.
- Abstencións: 5 (4 UPSA e 1 GM-PSOE).

Resultando aprobado por maioría simple o seguinte **ACORDO**:

1. Manifestar o rexeitamento ao macro-complexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso *eucaliptizador*, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da mega-factoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.

2. Dirixirse á Xunta de Galiza para que informe negativamente o proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico a multi-funcionalidade do monte, o desenvolvemento auto-centrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

### **C. Rogos e preguntas.**

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta se han manterse novas reunións explicativas con respecto do Plan Especial de Veigue e en particular se nalgún momento pode habelas pola tarde para facilitar a asistencia.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

2ª.- Pregunta polas lombas para minorar a velocidade dos vehículos coas que se equipou en decembro do 2023 a avenida da Mariña, para que logo de seis meses saibamos cantos amortecedores resultaron crebados pola súa causa e cantos atropelos houbo nos seis meses anteriores á súa construción, para poder comparar os ditos datos.

3ª.- Pregunta polas verteduras de lixo que se seguen a producir en Riovao.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) fai os seguintes rogos:

1º.- Roga que cos medios dos que se dispón no século XXI non se teña que debater entre crebar o coche ou atropelar a alguén.

2º.- Roga que se limpe cunha hidro-lavadora a beirarrúa da rúa da Praia.

A sra. Pena formula tamén as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta se hai previsión para reparar e cando as mesas crebadas da zona do Currunchos.



2ª.- Pregunta se hai previsión para reparar e cando a pasarela de madeira situada onde estaba o lavadoiro na subida de Cacharrete, da parroquia de Mosteirón.

3ª.- Pregunta se Sada pertence á Ruta Europea do Modernismo.

Contestan o sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, e o sr. Villar López, concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística.

A sra. Arias Ferreiro (PP) expón os seguintes rogos:

1º.- Roga que se lles facilite o informe da Policía Local que xa tiñan solicitado sobre a avaliación das lombas para minorar a velocidade.

2º.- Roga que logo da aprobación do orzamento o argumento de que non hai diñeiro deixe de ser unha escusa para todo.

3º.- Roga que se atenda a uns veciños na reclamación que están a facer por unha falta de execución de sentenza nun camiño de Cirro e mesmo que se lles dea contestación aos escritos presentados polos veciños.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Arias tamén se interesa por unhas preguntas pendentes de responder da sesión anterior.

Intervén para dar explicacións o sr. Berrocal Fariña, concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá.

A sra. Val Armesto (PP) pregunta pola falta de limpeza no municipio e os efectivos para os efectos.

A sra. Val tamén roga que se lle preste unha debida atención ao mantemento do mobiliario urbano.

O sr. España López (PP), logo dun comentario que realiza relativo á responsabilidade na elaboración e aprobación do orzamento, fai os seguintes rogos:

1º.- Roga que se actualicen as ordenanzas municipais, que nomeadamente a das terrazas di que se modificara por última vez en decembro do 2021, coas circunstancias que xa non se dan agora da COVID-19.

2º.- Roga que se insiran unha serie de aspectos que expón cando se actualice a ordenanza que incumbe á regulación e á execución de tallas, publicada no 2011, e que se vixie.

3º.- Roga que se vixie tamén o cumprimento da ordenanza reguladora dos postos do *feirón*, afirmando que a falta de vixilancia é manifesta.

O sr. España tamén formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta polo estado actual das contas dos postos do *feirón*, se se están a cobrar as taxas e se están ao día do cobro os pagamentos semestrais.

Contesta o sr. Berrocal Fariña (SM), concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá.

2ª.- Pregunta polo estado do pagamento das taxas e máis polas licencias das atraccións que se instalaron no paseo marítimo no Entroido e na Semana Santa.

Contestan o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, e máis o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

Finaliza a súa intervención o sr. España volvendo sobre as ordenanzas, indicando que a ordenanza fiscal reguladora de taxas pola ocupación de terreos do uso público local con mercadorías, materiais de construción, entullos, valos puntuais, estadas e outras instalacións está vixente pero aínda en pesetas.

O sr. García López (UPSA), sumándose ao rogo do sr. Graña relativo ao estado dos amortecedores dos vehículos antes e despois da construción das lombas para minorar a velocidade da avenida da Mariña, roga que



se inclúa tamén a análise da diferenza dos danos na avenida de *Sada y sus Contornos* de cando a estrada pertencía á Xunta de cando é municipal, e na que di que se están a producir pozas coa choiva.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) efectúa os seguintes rogos:

1º.- Súmase ao rogo do sr. Graña do estudo dos danos antes e despois da construción das lombas da avenida da Mariña, indicando que lle constan polo menos xa dous accidentes recentes nesa avenida.

2º.- Súmase tamén ao rogo do sr. España con relación á necesidade de control das tallas.

A sra. Nogareda formula tamén as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta pola tramitación das obrigas de rozamento dos predios e particularmente polos datos das denuncias e das execucións subsidiarias.

Contestan o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

2ª.- Pregunta se se han ter socorristas acuáticos a tempo para o servizo das praias no verán.

Contesta a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal.

3ª.- Pregunta pola resolución do contrato da pista de patinaxe.

A sra. Nogareda fai un último rogo:

3º.- Roga, con respecto dun predio relacionado co sr. Fariña Andrade, en Veigue, e a zona en xeral, que se poida conectar á rede de sumidoiros, para o que se reserva crédito de 33.000 €.

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente que expresa que a mercou coa súa muller no 2007 coa información de que existían servizos nela e vendérona crendo firmemente que existían os servizos e non construíron nada e se vai dotar esa parcela e máis nese camiño.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 26 minutos do día xoves 25 de abril do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).